

PRINCIPAIS PAISAXEA AGRARIAS NO MUNDO

| PAISAXES AGRARIAS | LOCALIZACIÓN | CARACTERÍSTICAS | PRODUCTOS |
|---------------------------------|---|---|--|
| ITINERANTE OU DE ROZAS | África, América do Sur e zonas de Asia. | Consiste na queima do bosque tropical para obter terras para cultivar. As cinzas serven de fertilizante. En poucos anos as terras se esgotan e os agricultores queiman noutro lugar. Os lugares queimados rexenéranse aproximadamente ó cabo de 10-14 anos. | Mandioca Millo ... |
| SEDENTARIA DE SECAÑO | África, América do Sur e Asia. | En zonas tropicais, situadas preto dos poboados, as terras divídense en 3 grandes partes, nunha cultívase millo, noutra cacahuetes, e na terceira deisaxe en descanso (barbeito) onde permanecen encerrados os rebaños. Ao ano seguinte cada una das partes cambian de cultivo e rotan (rotación trienal). | Millo Cacahuetes ... |
| RICICULTURA | S. e SE de Asia | Emprega moita man de obra. Consiste en sementar arroz nun “plantel” seco, e cando este medra, se trasplanta minuciosamente ós campos de cultivo, que deben permanecer inundados permanentemente (agricultura de regadío). Pódense obter, entre 2 e 4 colleitas ó ano. | Arroz |
| OASIS | Zonas áridas de África, Asia ou América | Nos desertos, aproveitando a sombra que proxectan as palmeiras, desenvólvese, nas zonas onde é posible extraer auga, isto é en OASIS, unha agricultura de regadío. | Algodón Frutais Dátiles... |
| PLANTACIÓN | América, África, Asia e Oceanía | Trátase de enormes explotacións, en réxime de monocultivo, situadas, polo xeral, preto da costa de zonas tropicais. A produción oriéntase á exportación mundial, pois son produtos cunha alta demanda, e está controlada por grandes empresas multinacionais que aproveitan unha man de obra barata e solos a moi baixo prezo. | Café Té Cana de sucre Algodón... |
| PAÍSES NOVOS | América do N. e Australia | Nas grandes chairas de EEUU e Canadá, así como de Australia, extensas zonas dos países se especializaron nun só cultivo (BELTS), do que resultan o Corn Belt, Wheat Belt, Cotton Belt, Tobacco Belt, Fruit Belt... é una agricultura moi tecnificada, que emprega moi escasa man de obra, e resulta moi rendible. | Millo Trigo Tabaco Algodón... |
| ATLÁNTICA DE POLICULTIVO | Costa atlántica de Europa, América do N e Oceanía | Paisaxe de Bocage. Práctícase o policultivo (millo, patacas...) en pequenas parcelas, se ben cada vez máis, orientado á gandería vacuna (leite e carne). | Gandería vacuna Millo Patacas |
| MEDITERRÁNEA | África e Europa. Zonas de América e Australia | Presenta dúas variantes. Nas zonas de regadío (froitas e hortalizas), situadas preto da costa e dos principais ríos, o aproveitamento é intensivo e resultan moi prósperas. Mentras, as de secaño (triloxía mediterránea: trigo, vide e oliveira, entre outros), situadas preferentemente en zonas de interior, o aproveitamento é extensivo. | Froitas Hortalizas Trigo Vide e Oliveira... |
| CENTROEUROPEA | Interior de Europa e de América do N. | Paisaxe de Openfield. Práctícase o monocultivo cerealista (trigo, cebada, millo...) en grandes explotacións, en algunhas zonas se acompaña dunha importante gandería porcina e ovina. | Trigo Cebada Millo... |